

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE SETEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da MSV (mellora da seguridade viaria) e mellora da accesibilidade na PO-330, de clave PO/19/158.06, no concello de Vigo.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (CTG) para a creación de produto turístico sustentable, por importe total de setecentos mil euros (700.000€).
- Acordo polo que se autoriza a superación da porcentaxe máxima de pagamentos anticipados, así como da exención da constitución de garantía, con relación á concesión de axudas directas, en réxime de concorrencia non competitiva, a federacións deportivas, clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para a reactivación da actividade deportiva competitiva no contexto da covid-19, por importe de catro millóns de euros (4.000.000 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual, de acordo co artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e a exención de presentación de garantías polo importe dos pagamentos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

anticipados e á conta establecidos, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Orde conxunta da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas para a formación de doutores e doutoras das universidades do SUG en empresas, Programa doutoramentos industriais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2021, por un importe total dun millón oitocentos noventa mil euros (1.890.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se declara unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no concello de Tui.
- Acordo polo que se autoriza a Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA) para a contratación da construción da "Obra de execución e posta en marcha dunha planta de compostaxe no concello de Vilanova, (2021G-DTE-0089-SARA-OB)" cun valor estimado de dezasete millóns catrocentos trinta e tres mil oitocentos oitenta e sete euros con setenta e oito céntimos de euro (17.433.887,78 € sen IVE) e un importe de licitación de dezasete millóns setecentos trece mil trinta euros con corenta e seis céntimos de euro (17.713.030,46 € con IVE).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por importe de trescentos noventa e dous mil cincocentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (392.535,78 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Oleiros para a construción dunha senda peonil na marxe dereita da AC-173, treito urbanización Rialta-Pazo de Arillo-Lourido, por importe total de douscentos nove mil oitocentos noventa e sete euros con vinte e oito céntimos (209.897,28 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello da Laracha para a execución da actuación de "Melloras na rede de abastecemento da Laracha. Fase

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

I. A Laracha (A Coruña)", susceptible de financiamento pola Unión Europea no marco do eixo REACT UE do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia da covid-19, por importe dun millón oitocentos cincuenta mil euros (1.850.000 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Esgos para a creación dunha biblioteca municipal, por un importe total de cen mil euros (100.000 €).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100%, na Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas, xestionado pola Secretaría Xeral da Igualdade, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021, por un importe de catrocentos corenta e tres mil trescentos noventa e sete euros (443.397 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación administrativa, suxeita a regulación harmonizada, para o servizo de execución de programas de intervención en réxime de acollemento residencial e de atención de día, dirixidos a menores con medida de protección. 161 prazas. (Expediente 67/2021). Importe de licitación: dezaseis millóns cento dezaioito mil oitocentos setenta e dous euros (16.118.872,00 €). Valor estimado: vinte e nove millóns douscentos noventa e seis mil trescentos corenta e catro euros (29.296.344 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe sobre as novas medidas de impulso e apoio ao sector turístico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre accións para a promoción do comercio exterior galego.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre Nortear, proxecto de cooperación cultural na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Informe de actuacións da unidades de referencia covid-19.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións de loita contra as pragas e enfermidades do castiñeiro no ano 2021: solta do parasitoide (*Torymus sinensis*).

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a resolución da Orde do 29 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e se convoca para o ano 2021.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR AS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA ACCESIBILIDADE NA ESTRADA PO-330 EN VALADARES E PEREIRO, NO CONCELLO DE VIGO

- A actuación suporá un investimento autonómico de 1,85 M€ para intervenir en 7 km da vía autonómica, co obxectivo de eliminar un treito de concentración de accidentes
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará no cuarto trimestre do ano o levantamento das actas previas, co obxectivo de licitar e executar as obras en 2022
- Mellorarase a seguridade viaria na intersección de acceso ao colexio Andersen, cun novo carril central de espera e reforzando a sinalización dos pasos de peóns
- Habilitaranse en Valadares unha rotonda de 28 metros de diámetro no acceso ao pavillón e á piscina municipal, así como unha nova vía de acceso rodado á escola infantil Monte do Alba, atendendo á solicitude dos veciños
- Construirase unha segunda rotonda, do mesmo diámetro, no Alto da Garrida, para mellorar a seguridade nun cruzamento con elevado tráfico de vehículos pesados, por conectar cos polígonos industriais de Valadares e da Pasaxe
- Urbanizarase o treito inicial de estrada en Pereiró, ademais de intervenir nos aparcadoiros, habilitando 36 prazas, 10 máis das actuais

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de mellora da seguridade viaria e da accesibilidade na estrada PO-330 en Valadares e Pereiró, no concello de Vigo.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta actuación é de preto de 1,85 millóns de euros, nos cales se inclúe o pagamento dos 36 predios necesarios para a súa execución.

Esta intervención ten como obxectivo desenvolver un conxunto de actuacións integrais, ao longo de case 7 quilómetros da vía autonómica na procura do reforzo da seguridade viaria e a mellora da accesibilidade en Pereiró e Valadares, co obxectivo de eliminar un treito de concentración de accidentes.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas no cuarto trimestre do ano, coa previsión de licitar e executar as obras no ano 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de dez meses.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta de Galicia mellorará a seguridade viaria e a accesibilidade reordenando interseccións como a que dá acceso ao colexio Andersen, na cal se definirá un novo carril central de espera, ademais de reforzar a sinalización dos pasos de peóns.

Habilitaranse dúas novas rotondas en Valadares. A primeira delas, de 28 metros de diámetro, servirá para mellorar o acceso ao pavillón e á piscina municipal, habilitando desde a rotonda unha nova vía de acceso rodado á escola infantil Monte do Alba, unha actuación que atende a solicitude dos veciños.

A segunda rotonda, do mesmo diámetro, localizarase no Alto da Garrida, para mellorar a seguridade nun cruzamento de elevado tráfico de vehículos pesados, ao dar servizo aos dous polígonos industriais de Valadares e da Pasaxe, ademais dunha canteira e ao miradoiro do Monte de Alba. Trátase dunha intersección próxima á autoestrada autonómica AG-57.

Xunto con isto, urbanizaranse tamén os primeiros 450 metros da estrada, na contorna de Pereiró, entre a rotonda que está fronte ao cemiterio e que serve de enlace coa vía da Universidade.

Coidarase especialmente a disposición de prazas de aparcadoiro nesa zona, habilitando 36 prazas, 10 máis das actuais. Aí reordenarase tamén a intersección coa rúa Canteiros, mediante illotes físicos e sinalización horizontal; e nos accesos aos garaxes disporase firme de lastros.

O proxecto da Xunta inclúe a mellora doutras interseccións nas Carneiras, Carregal e O Portal, ben con sinalización horizontal ben con novos elementos físicos coma illotes.

Na contorna do Colexio Barreiro reforzarase a seguridade achegando o paso de peóns á entrada do centro e adoptando as medidas necesarias para calmar o tráfico.

Ademais, mellorarase o acceso ao CEIP Igrexa Valadares, acondicionando o camiño natural, actuando sobre os raios de xiro de entrada e saída que empregan os autobuses escolares para incorporarse á estrada PO-330, o que tamén dá resposta a unha demanda dos veciños.

Finalmente, repararanse as beirarrúas nos treitos en que sexa preciso e acometeranse melloras de sinalización e iluminación nos pasos de peóns.

Esta actuación dá continuidade ao traballo de mellora das estradas autonómicas en Vigo que vén desenvolvendo a Xunta, con obras como a humanización das avenidas de Castrelos e da Florida; a construción de sendas; ou a mellora da seguridade viaria na

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estrada vella de Baiona, a PO-552. Esta actuación terá, ademais, continuidade en Teis, coa mellora da avenida de Galicia.

Plano de situación:



Nova rotonda na Garrida:



Urbanización do treito de Pereiró:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ACORDO CO CLUSTER DE TURISMO PARA CREAR PRODUTOS CON QUE REFORZAR GALICIA COMO DESTINO SEGURO

- O desenvolvemento deste convenio, ao cal a Xunta achegará 700.000 euros, posibilitará que se potencie o sector receptivo e axencias de viaxes a través da especialización neste segmento
- Traballarase no ámbito da dixitalización co obxectivo de axudar no proceso de mellora na comercialización, tanto na canle como cara ao cliente final
- Axudará a situar Galicia como destino preferente no novo consumidor turístico tras da crise derivada da pandemia

O Consello da Xunta acordou hoxe a autorización dun convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clúster Turismo de Galicia para a creación de produtos sustentables, polo que a Xunta achegará 700.000 euros co obxectivo de xerar incentivos que poñan en valor a comunidade galega como destino seguro e preferente na mente do novo consumidor turístico logo da crise derivada da pandemia.

Deste xeito, deseñaranse produtos turísticos sustentables e innovadores, atractivos á nova demanda, relacionados coa sustentabilidade ambiental, enerxética ou a incorporación de elementos de consumo de proximidade na articulación dos paquetes turísticos.

Esta iniciativa servirá de apoio ao segmento turístico do receptivo e axencias de viaxes a través da especialización en paquetes relacionados coa sustentabilidade e afondará no ámbito da dixitalización como obxectivo para axudar no proceso de mellora na comercialización tanto á canle como ao cliente final.

Este convenio, que terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022 cunha achega de 200.000 euros en 2021 e outra de 500.000 en 2022, incluírá accións relacionadas coa comunicación, a elaboración e creación de produto, así como o soporte para a súa comercialización.

No que se refire á comunicación, prevese contactar coas empresas do sector turístico de distinto ámbito ademais dos distintos sectores sociais a través de distintas accións *offline* e *online*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, está prevista a creación dun club de produto sustentable e a conformación de produtos sustentables tanto no nivel grosista como retalista.

Polo que respecta ao soporte á comunicación, este acordo prevé a elaboración de material de promoción no ámbito das axencias e do cliente final, ademais de incluír accións de mercadotecnia que posibiliten o coñecemento e a prescrición dos produtos xerados ao abeiro deste acordo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS FEDERACIÓNS E CLUBS DE GALICIA CONTARÁN CUNHA NOVA LIÑA DE AXUDAS DE 4 MILLÓNS DE EUROS PARA A REACTIVACIÓN DEPORTIVA NO CONTEXTO DA COVID-19

- Clubs e federacións poderán compensar as perdas pola caída de ingresos derivados da redución de abonados e público, así como destinadas a afrontar as cotas federativas
- A Secretaría Xeral para o Deporte vén de recibir nas últimas datas 5,7 millóns de euros do Fondo de Consenso que se destinan na súa integridade a clubs e federacións para paliar os efectos da Covid-19

O Consello da Xunta vén de dar luz verde a unha nova liña de axudas directas da Secretaría Xeral para o Deporte, neste caso, destinada a federacións deportivas, clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para a reactivación da actividade deportiva competitiva no contexto da Covid-19.

Esta nova liña de axudas vén apoiada pola Comisión non permanente especial para o estudo sobre a reactivación social, económica e cultural de Galicia pola crise da Covid-19 do Parlamento autonómico. A devandita Comisión valora a inclusión nos orzamentos da Comunidade Autónoma do 2021 dun Fondo de Consenso sobre o cal fundamentar actuacións que colaboren na recuperación económica e social de Galicia no contexto da crise sanitaria. Dentro destas actuacións destacan as destinadas ao ámbito deportivo para que clubs e federacións poidan compensar as perdas pola caída de ingresos derivados da redución de abonados e público, así como destinadas a afrontar as cotas federativas. Neste sentido haberá tres liñas de actuación: axudas á competición oficial autonómica e á competición oficial estatal non profesional, axudas para a compensación de minoración de ingresos e axudas ás federacións deportivas galegas.

Grazas ao Fondo de Consenso, a Secretaría Xeral para o Deporte vén de recibir nas últimas datas 5,7 millóns de euros que se suman ao seu orzamento inicial. 1,7 millóns de euros foron destinados á segunda convocatoria de equipamentos, aprobada polo Consello da Xunta a semana pasada -que acadou o orzamento total de 2,6 millóns de euros e que inclúe material sanitario como equipamento de seguridade e prevención inventariable como consecuencia da Covid-19 (anteparos, sistemas de ventilación, sistemas de dispensadores de hidroxelos, sistemas de toma de temperatura etc.)- e os restantes 4 millóns destínanse a esta liña de axudas de reactivación da actividade deportiva no contexto da Covid-19. Deste xeito, o orzamento total da Secretaría Xeral para o Deporte en 2021 ascende ata os 38,2 millóns de euros e o orzamento da Secretaría Xeral para o Deporte increméntase con respecto ao 2020 nun 51%.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre salientar, ademais que os clubs e federacións poderán dispoñer dos pagamentos anticipados do 100% do importe da contía da subvención concedida, o que contribuirá ao desenvolvemento ordinario da actividade destas entidades, facilitando e mellorando as condicións en que os deportistas desenvolven a súa modalidade ou especialidade ao dotar as federacións deportivas das ferramentas necesarias para o fomento da práctica deportiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ A CONTRATACIÓN DE 15 ESTUDANTES EN EMPRESAS E CENTROS TECNOLÓXICOS NOS CALES DESENVOLVERÁN A SÚA TESE

- O Consello da Xunta aproba a convocatoria do novo Programa de doutoramento industrial, impulsado pola Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade
- A iniciativa, dotada con preto de 1,9M €, continúa coa aposta do Goberno galego polo talento e a creación de emprego de calidade
- Permitirá deseñar e realizar a tese de doutoramento nunha contorna empresarial, favorecendo a investigación colaborativa e a transferencia de coñecemento, promovendo a formación e permitindo a inserción laboral
- As axudas están dirixidas tanto a empresas e centros de innovación e tecnoloxía como ás universidades galegas e inclúen custos de contratación, así como apoios para estadias no estranxeiro

O Consello da Xunta de Galicia aprobou, na súa reunión desta mañá, a primeira convocatoria do Programa doutoramento industrial, unha iniciativa que aposta polo talento e o emprego de calidade promovida polo Goberno galego a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O programa, que conta cun investimento de 1,89 millóns de euros, ten como obxectivo favorecer a contratación de 15 estudantes do sistema universitario galego en empresas e centros tecnolóxicos con domicilio social ou centro de traballo en Galicia para que poidan desenvolver a súa tese nunha contorna empresarial.

Deste xeito, o persoal investigador debe matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade galega e ter un director de tese vinculado a este programa. O proxecto de investigación deberá orientarse á resolución das necesidades e problemas concretos dunha empresa ou centro tecnolóxico, favorecendo a investigación colaborativa e os procesos de transferencia de coñecemento, así como a formación da mocidade investigadora e a súa inserción laboral.

As axudas están dirixidas tanto a empresas e centros de innovación e tecnoloxía como ás universidades galegas e inclúen os custos de contratación, gastos relacionados co proxecto, así como apoios para a realización de estadias de tres meses no estranxeiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O novo programa vén completar as medidas que desde a Xunta se están poñendo en marcha co obxectivo de captar talento e crear emprego de calidade no eido da investigación para fortalecer a colaboración entre universidades, empresas e centros tecnolóxicos e permitir a transferencia dos resultados ao tecido empresarial.

Así, destacan o programa Principia que xa leva permitido a contratación de 648 persoas mozas en empresas e organismos de investigación; Oportunius, que axudou a realizar cinco contratos a gañadores de axudas ERC; Talento Sénior, que impulsou a contratación de 49 profesionais de alta cualificación cunha traxectoria profesional de máis de cinco anos; ou Ignicia, que favoreceu a creación ou mantemento de máis de 120 empregos cualificados grazas ao apoio a proxectos de investigación con potencial de chegar ao mercado. Ademais, os programas de apoio predoutoral e posdoutoral suman este ano 175 contratos, o que supón a maior convocatoria realizada ata o de agora en Galicia para estes dous programas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA UNHA ÁREA REXURBE NO CONCELLO DE TUI PARA REVITALIZAR UN ÁMBITO DE 135.000 METROS CADRADOS

- Trátase da cuarta área de rexeneración urbana de interese autonómico recoñecida en Galicia, despois das tres declaradas en 2020 en Mondoñedo, A Coruña e Ribadavia
- A superficie amparada baixo esta figura correspóndese co conxunto histórico-artístico declarado BIC, o Paseo da Corredoira, Bispo Lago e Martínez Padín
- Ademais de promover a rehabilitación edificatoria e urbanística da zona, a estratexia para a súa dinamización inclúe medidas sociais, económicas e demográficas

O Consello da Xunta acaba de declarar unha área de rexeneración urbana de interese autonómico (área Rexurbe) no concello de Tui, unha figura prevista na Lei de rehabilitación galega co obxectivo de identificar ámbitos de intervención no medio urbano que debido ao seu estado de degradación arquitectónica, de declive socioeconómico ou polas súas especiais características necesitan unha maior implicación das administracións para lograr a súa revitalización integral.

Con esta xa son catro as áreas Rexurbe declaradas pola Xunta na Comunidade, despois de que o ano pasado os concellos de Mondoñedo, A Coruña e Ribadavia sacaran adiante as súas respectivas solicitudes.

No caso concreto de Tui, a proposta municipal inclúe baixo esta figura algo máis de 135.000 metros cadrados do concello que abaranguen todo o conxunto histórico declarado ben de interese cultural e tamén outras zonas da súa contorna: Paseo da Corredoira, Bispo Lago e Martínez Padín N-550.

No ámbito delimitado pola declaración e segundo a información facilitada polo Concello, hai identificados máis de 360 edificios dos cales 67 están a día de hoxe nun estado malo, ruinoso ou deficiente. Na zona residen ao redor de 1.900 persoas, unha poboación bastante envellecida xa que case a cuarta parte superan os 65 anos.

A decisión do Consello da Xunta de declarar a área Rexurbe de Tui abre a porta a poñer en marcha toda unha serie de medidas transversais con que acadar unha revitalización efectiva e integral do devandito ámbito. Así, cómpre subliñar que, ademais de promover a rehabilitación edificatoria e urbanística do territorio amparado baixo esta figura, tamén se prevén medidas de dinamización social, demográfica e económica no conxunto da área identificada.

A súa aplicación práctica terá un carácter transversal e por iso implicará diversos organismos da Xunta de Galicia. De feito, a solicitude municipal de declaración está

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

acompañada da estratexia social, económica, urbanística e arquitectónica que se pretende levar a cabo para conseguir unha efectiva recuperación de todo o ámbito.

Próximo paso, o Plan de dinamización

Tras a declaración esta mañá por parte do Consello da Xunta e unha vez que se publique o acordo no DOG, o seguinte paso para o Concello de Tui será empezar a traballar no Plan de dinamización da súa área Rexurbe.

Trátase dun instrumento de planificación que debe incluír un programa plurianual en que se integren, concreten e coordinen as actuacións tanto públicas como privadas con que se quere lograr a rexeneración destes ámbitos. Medidas, por exemplo, a nivel arquitectónico, para fomentar a rehabilitación de edificios, vivendas e espazos públicos, combinadas con outras a nivel económico e social.

Neste sentido, cómpre lembrar que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), en colaboración coa Universidade de Santiago e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, elaborou un modelo de plan de dinamización para servir como guía, documento que porá á disposición do Concello de Tui agora que xa está aprobada a súa área Rexurbe.

Ademais, os municipios en que exista esta figura tamén deberán contar cun centro de rexeneración urbana de interese autonómico (os chamados centros Rexurbe), que fará de punto de información, asesoramento, xestión, seguimento e difusión da área co obxectivo de impulsar as actuacións necesarias para lograr a súa revitalización.

Aposta pola rehabilitación en Tui

A declaración da área Rexurbe de Tui tamén permitirá complementar e impulsar as medidas adoptadas nos últimos anos neste municipio en materia de rehabilitación. A este respecto, o concello pontevedrés ten desde o ano 2001 unha área de rehabilitación integral na cidade vella, cuxo ámbito de intervención está incluído dentro do da área Rexurbe e, ademais, forma parte da ARI dos Camiños, de carácter supramunicipal.

Por último, Tui é un dos concellos en que o IGVS adquiriu nos últimos anos inmobles en estado de abandono ou semiabandono para rehabilitalos con fins residenciais e posteriormente destinalos a vivendas en réxime de alugueiro social. Concretamente, comprou neste municipio un edificio por 100.000 euros no marco da oferta pública de adquisición de inmobles de 2019 —o chamado programa Rexurbe— e na convocatoria deste ano, actualmente en fase de valoración, recibiu sete ofertas de particulares interesados en vender os seus inmobles que superan en total o medio millón de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DA PLANTA DE BIORRESIDUOS DE VILANOVA DE AROUSA POR CASE 18 M €

- Será unha instalación para a compostaxe industrial que contará coas tecnoloxías máis innovadoras, coa finalidade de que acade a maior eficiencia
- Dará servizo a 25 municipios do eixo atlántico sur e integrárase na rede de infraestruturas deseñada pola Xunta para a xestión destes novos refugалlos
- A capacidade anual de tratamento é de 15.000 toneladas de refugалlos orgánicos de carácter doméstico e outras 7.000 toneladas de material estruturante, coas cales producir 6.000 toneladas de compost de alta calidade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación da obra e posta en marcha da planta de biorresiduos de Vilanova de Arousa, na provincia de Pontevedra, por un importe de case 18 millóns de euros.

No seo da reunión desta mañá, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda informou dos avances relativos á instalación de compostaxe industrial, unha das tres das mesmas características que o Goberno galego construírá na Comunidade —unha por provincia— e que se sumarán á que xa está operativa en Cerceda (A Coruña).

A planta estará localizada no polígono industrial de Baión, ocupará unha superficie de 20.000 m² —tras a adquisición por parte de Sogama de sete parcelas por un orzamento de case de 1,5 millóns de euros— e estará dotada coas tecnoloxías máis innovadoras, a fin de que acade a maior eficiencia. Tamén contará cos mecanismos necesarios para minimizar o impacto sobre a contorna, como potentes sistemas de depuración de augas, cheiros e control de rúidos, e alimentárase con enerxía renovable a través de paneis solares.

Na planta de Vilanova realizaranse todas as fases dun proceso de compostaxe: xestión da materia orgánica, isto é, pretratamento, fermentación, maduración e almacenamentos. Terá unha capacidade para tratar 15.000 toneladas anuais de refugалlos orgánicos de carácter doméstico e outras 7.000 toneladas de material estruturante. A previsión é que esta infraestrutura produza cada ano 6.000 toneladas de compost de alta calidade para ser empregado como fertilizante natural, na agricultura e xardinaría, en substitución dos fertilizantes artificiais.

A infraestrutura dará servizo a 25 municipios pertencentes ao eixo atlántico sur e integrárase na rede de infraestruturas despregada pola Xunta para propiciar que os

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concellos galegos poidan acceder á valorización da materia orgánica recollida selectivamente a través do quinto contedor, de cor marrón, que deberán implantar antes do 31 de decembro de 2023.

O obxectivo é que a planta de Vilanova de Arousa – cuxa execución se fará con fondos Feder- entre en funcionamento a finais do ano 2022, e saltar un novo chanzo para facer de Galicia unha comunidade sustentable en que os residuos son transformados en recursos conforme as preceptos da economía circular.

Unha instalación a menos de 50 km

Malia que a xestión do lixo constitúe unha competencia municipal, a Xunta quere axudar aos concellos a que cumpran coas súas obrigas legais, polo que esta planta de biorresiduos, xunto con outras tres destas características –Cerceda, Cervo e Verín– e co apoio de 13 plantas de transferencia que Sogama adaptará mediante a habilitación nelas dunha moxega específica para o transvasamento da materia orgánica, fará posible que a gran maioría dos galegos dispoñan dunha planta de compostaxe ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 400.000 € DO CANON DE EXPLOTACIÓN DO ENCORO DO UMIA A FINANCIAR ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E SOCIAIS EN CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

- Estes municipios beneficianse anualmente da achega económica a que está suxeita a empresa concesionaria da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis
- Cada un destes municipios percibirá máis de 130.000 euros de Augas de Galicia
- Desde 2002 estes tres concellos levan recibido da Xunta 7 millóns de euros do canon do encoro que axudaron a apoiar actuacións culturais e de asistencia social

O Consello da Xunta autorizou hoxe a renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e os concellos de Caldas, de Cuntis e de Moraña, polo que Augas de Galicia destinará preto de 400.000 euros do canon de explotación do encoro do Umia ao financiamento de actuacións educativas e sociais nestes tres municipios da provincia de Pontevedra.

O Goberno galego referendou así a sinatura, un ano máis, do convenio en que participa como entidade colaboradora a Deputación Provincial de Pontevedra, que asume a tarefa de administrar estes fondos autonómicos entre estes tres concellos e velar pola súa correcta aplicación.

Os concellos de Caldas de Reis, de Cuntis e de Moraña beneficianse anualmente da achega económica a que está suxeita a empresa titular da explotación hidroeléctrica da presa de Caldas de Reis, con base na concesión da explotación outorgada pola entidade hidráulica da Xunta.

A cantidade achegada por Augas de Galicia é de algo máis de 130.000 euros para cada un destes concellos, que poderán financiar con cargo a estes fondos actividades educativas e sociais que se organicen desde o día 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro deste mesmo ano.

Desde o ano 2002 ata o 2020, a Xunta de Galicia leva asignados 6,6 millóns de euros en concepto de canon de explotación do encoro de Caldas de Reis a estes municipios, que serviron para financiar actividades educativas, culturais e de asistencia social dos concellos de Caldas de Reis, de Cuntis e de Moraña. Coa renovación do convenio autorizada hoxe polo Goberno galego, a suma percibida por estes municipios elévase ata os 7 millóns de euros

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través do acordo aprobado hoxe, o Executivo autonómico incentiva axudas á xestión municipal e impulsa a colaboración entre administracións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE OLEIROS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE DOS DESPRAZAMENTOS PEONIS NA ESTRADA AC-173 EN ARILLO, CUN INVESTIMENTO DE 210.000 €

- Trátase de executar dous treitos de itinerario peonil e ciclista na marxe dereita da AC-173 e na marxe esquerda da estrada AC-181 para conectar a urbanización Rialta, en Arillo, co itinerario xa existente en Lourido
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade financiará o 90% da actuación con preto de 189.000 euros, e corresponderá ao Concello licitar e executar as obras, así como achegar o 10% do financiamento restante
- O treito de senda da AC-181 conectará as beirarrúas da rúa Aguia, que dá acceso á urbanización Rialta, coa nova senda peonil executada na parcela do Pazo de Arillo
- O itinerario da AC-173 partirá da nova senda do Pazo de Arillo, na rúa Vencello, e conectará co itinerario existente en Lourido
- A cooperación do Goberno galego co Concello de Oleiros enmárcase no fomento de investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, favorecendo o desenvolvemento de itinerarios peonís seguros e achegando maior calidade de vida á cidadanía

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Oleiros para executar unha obra de mellora da seguridade viaria peonil na estrada autonómica AC-173 en Arillo, cun investimento de case 210.000 euros.

Trátase de executar dous treitos de itinerario peonil e ciclista na marxe dereita da AC-173 e na marxe esquerda da estrada AC-181 para conectar a urbanización Rialta, en Arillo, co itinerario existente en Lourido.

Segundo o convenio autorizado hoxe, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade financiará o 90% da actuación, preto de 189.000 euros, mentres que o Concello achegará o 10% do financiamento restante. Ademais, a Administración local comprométese tamén a xestionar a disposición dos terreos necesarios para poder levar a cabo a actuación, a licitar e a executar as obras.

As actuacións

A estrada autonómica AC-173 discorre en paralelo á costa occidental do concello de Oleiros, agás na localidade de Arillo, onde o trazado vai polo interior do municipio. A estrada soporta unha elevada intensidade de tráfico, tanto no inverno como en época estival.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo da actuación prevista é dar continuidade ao itinerario dotado con beirarrúas entre Santa Cruz e Arillo. A partir deste punto, as beirarrúas ou sendas son intermitentes e considérase oportuno reforzar a seguridade dos desprazamentos peonís.

O primeiro treito da senda prevista desenvolverase entre os puntos quilométricos 0 e 0+040 da estrada AC-181. O itinerario conectará as beirarrúas existentes na rúa Aguia, que dá acceso á urbanización Rialta, coa nova senda peonil executada na parcela do Pazo de Arillo.


O segundo treito discorrerá entre os puntos quilométricos 6+680 ata o 6+940 da estrada AC-173. O trazado partirá da senda peonil do Pazo de Arillo, na rúa Vencello, e conectará co itinerario existente en Lourido.

A senda configúrase con dúas seccións tipo: unha sección con senda de 3,5 metros de largo, e aparcadoiro de 2,75 metros, nunha lonxitude de 30 metros.

No resto da estrada AC-173 dispórase outra sección tipo, con zona de tránsito peonil de 2,5 metros de largo diferenciada do carril bici, que contará con 2,2 metros de largo. Nas zonas con maior espazo, o tránsito peonil e ciclista separarase da calzada da estrada mediante unha franxa axardinada de 2,5 m de largo.

A cooperación do Goberno galego co Concello de Oleiros enmárcase no fomento de investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, favorecendo o desenvolvemento de itinerarios peonís seguros e achegando maior calidade de vida á cidadanía.

Situación dos dous treitos de senda na AC-173:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Planta da actuación:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DA LARACHA PARA A MELLORA NA REDE DE ABASTECIMENTO DO MUNICIPIO CUN INVESTIMENTO DE 1,8M €

- Nesta 1ª fase ampliarase a potabilizadora, construírse un novo bombeo e un novo depósito de auga potable que mellore o funcionamento da rede de abastecemento e permita facer fronte á demanda de auga en época estival e dar servizo no futuro ao parque empresarial
- A Xunta achegará o 80% do orzamento, 1.480.000 euros, e executará as obras, e o Concello da Laracha contribuirá co 20% restante, achegando 370.000 €
- Con esta intervención a poboación servida no ano horizonte 2034 estimase en 8.559 habitantes
- O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello da Laracha para executar unha primeira fase de mellora na rede de abastecemento municipal cun investimento de 1.850.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80% coa achega de 1.480.000 euros. O Concello da Laracha contribuirá ao financiamento do 20% restante, destinando 370.000 euros.

A entidade local asume tamén a realización das xestións pertinentes para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, mantemento e conservación das actuacións que se leven a cabo.

As obras serán financiadas pola Unión Europea, no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da Unión á pandemia da covid-19.

O obxecto da actuación

O abastecemento do concello da Laracha presenta importantes déficits derivados, fundamentalmente, da falta de presión de auga nalgúns zonas e da falta de capacidade de almacenamento para facer fronte ás demandas de auga en época estival.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, no futuro, desde a estación de tratamento de auga potable abastecerase ao parque empresarial da Laracha, o que fai que a actual infraestrutura hidráulica precise dunha ampliación.

Deste xeito, as actuacións obxecto deste convenio concéntranse, nesta primeira fase, na ampliación da estación de tratamento de auga potable, na construción dun novo bombeo e dun novo depósito de auga potable, que mellore o funcionamento da rede de abastecemento deste concello.

Con esta intervención a poboación servida no ano horizonte 2034 estímase en 8.559 habitantes.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E O CONCELLO DE ESGOS CREARÁN UNHA NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL NUN EDIFICIO CATALOGADO QUE SE REHABILITARÁ PARA OS NOVOS USOS

- O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto bo á sinatura dun convenio co que o Goberno autonómico sufragará case o 50% do investimento necesario para esta obra
- Recuperarase unha palleira incluída no Catálogo do patrimonio de Galicia, situada no centro urbano da vila e mellorando así a actual biblioteca situada no Consistorio

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Esgos para a posta en marcha dunha nova Biblioteca Municipal que mellorará as actuais instalacións e que suporá a recuperación dun edificio incluído no Catálogo do patrimonio Cultural de Galicia situado no centro urbano da vila, que acadará agora novos usos.

En virtude deste acordo, o Goberno autonómico achegará 100.000 euros ao Concello de Esgos, o que supón case o 50% do investimento necesario para esta actuación. A día de hoxe, a vila conta cun espazo dedicado a biblioteca municipal no baixo da casa consistorial, que é insuficiente para satisfacer as necesidades e dar cabida a todos os usuarios. O convenio autorizado hoxe permitirá rehabilitar unha palleira incluída no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia para destinala ao novo uso de biblioteca municipal adecuada ás novas tecnoloxías e ás demandas sociais actuais.

Así, través desta colaboración conseguirase a recuperación dun ben catalogado e dotarase os veciños dun espazo accesible, aberto a toda a cidadanía. A Xunta dá resposta ao seu compromiso por mellorar as infraestruturas e servizos culturais nos eidos urbanos e tamén rurais tendo en conta que os servizos bibliotecarios son esenciais na política cultural do Goberno autonómico a través da Coordinación da Rede de Bibliotecas de Galicia e dunha política de axudas e impulso aos concellos.

Máis de 300 en Galicia

Estes centros, que suman un total de 304 e ofrecen unha colección global de 7 millóns de documentos, inclúen tanto as xestionadas pola Xunta de Galicia como todas aquelas de titularidade municipal ou privada que comparten políticas bibliotecarias, recursos e servizos comúns.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 443.397 € CON CARGO AO 0,7% DO IRPF A APOIAR PROGRAMAS DE ENTIDADES SOCIAIS PARA O IMPULSO DA IGUALDADE E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- Os programas, que se desenvolverán durante todo 2022, deben dirixirse a mulleres en situación de especial vulnerabilidade
- Entre outras accións, a Xunta apoiará o acollemento, a atención e asesoramento, a formación para o empoderamento, a conciliación ou o tratamento da saúde de mulleres, en especial das vítimas da violencia de xénero
- Desde 2018 a Secretaría Xeral da Igualdade concedeu máis de 1,6 millóns de euros a 87 programas promovidos por entidades sociais no marco desta convocatoria

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 443.397 euros, con cargo ao 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente á comunidade, a apoiar programas de entidades sociais para o empoderamento da muller, o apoio ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade e a loita contra a violencia de xénero.

A Secretaría Xeral da Igualdade, da Consellería de Emprego e Igualdade, impulsará deste modo a celebración de iniciativas de entidades sociais en beneficio das mulleres, en concreto das que se atopan en situación de vulnerabilidade: vítimas da violencia de xénero ou de outras violencias, mulleres en situación de explotación sexual-laboral ou de trata de persoas, inmigrantes, refuxiadas, reclusas, mulleres de minorías étnicas etc.

Entre outros programas, poderán recibir axudas as accións de aloxamento, acollemento, atención e asesoramento. A Xunta desexa tamén contribuír con iniciativas que faciliten formación e información para o empoderamento da muller ou coas propostas de conciliación e de apoio e tratamento integral de vítimas da violencia de xénero, así como con propostas que incidan na seguridade destas persoas e as súas familias e de tratamento integral da súa saúde.

As entidades que resulten beneficiarias recibirán os cartos mediante anticipos este 2021, aínda que o período para desenvolver os seus programas irá do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022.

A convocatoria está financiada con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF dos orzamentos do Estado que corresponden á comunidade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos últimos tres anos (2018, 2019 e 2020) a Consellería de Emprego destinou máis de 1,6 millóns de euros no marco desta convocatoria a financiar un total de 87 programas de interese xeral das entidades.

O ano pasado, os cartos chegaron a 31 iniciativas que recibiron ata 56.000 euros, con especial presenza das propostas de capacitación laboral e participación activa de mulleres no ámbito rural, programas de saúde e centrados na discapacidade, na prevención da violencia de xénero e da trata.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA A CONTRATACIÓN DE MÁIS DE 160 PRAZAS EN CENTROS DE ATENCIÓN A MENORES

- Delas, 123 son en residencias e 38 de atención diúrna
- O contrato é inicialmente de tres anos, prorrogables outros dous, e o seu valor total ascende a 30 millóns de euros

O Consello da Xunta deu luz verde á renovación de máis de 160 prazas de atención a menores. O Goberno galego colabora con varias entidades sociais que acollen a nenas, nenos e adolescentes tutelados pola Xunta, tanto en centros residenciais como centros de día.

Delas, 123 son en residencias, onde os menores pasan a noite; e 38 de atención diúrna. O contrato é inicialmente de tres anos, prorrogables outros dous. O valor total dos contratos, contando xa con esas posibles prórrogas e modificacións, ascende a 30 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPLEMENTARÁ NOVAS AXUDAS AO SECTOR TURÍSTICO E AOS CONCELLOS POR CASE 16M €

- Ao longo deste mes, Turismo de Galicia convocará liñas de subvencións para mantemento de axencias de viaxes, equipamentos postcovid dos establecementos hostaleiros, dixitalización e mercadotecnia dixital, e para a mellora de infraestruturas turísticas municipais
- Con estas medidas, o Goberno galego destinará este ano uns 120M € para apoiar a hostalaría e a industria turística galega, entre os 31,2M € das distintas convocatorias de axudas e os case 90M € aboados aos hostaleiros a través dos dous primeiros plans de rescate

O Goberno informou hoxe na reunión do Consello da Xunta da posta en marcha ao longo deste mes dun paquete de novas medidas de apoio ao sector turístico galego cun investimento total de 15,8 millóns de euros das cales se poderán beneficiar axencias de viaxes, establecementos hostaleiros e os concellos de menos de 10.000 habitantes.

Estas liñas de achegas públicas únense a outras postas xa en marcha ao longo deste ano 2021 destinadas ao impulso da hostalaría e a industria turística galega que suman un total de case 120 millóns de euros, entre os 31,2 millóns de euros das distintas convocatorias destinadas a apoiar colectivos do sector turístico, concellos ou asociacións, xunto cos case 90 millóns de euros aboados aos hostaleiros galegos a través dos dous primeiros plans de rescate da Xunta.

Nesta liña, cómpre lembrar que Galicia foi pioneira e se situou á vangarda de España na posta en marcha de axudas directas aos sectores máis afectados pola pandemia e a que Xunta acompañou o sector desde o primeiro momento da crise sanitaria.

En canto ao conxunto de convocatorias de axudas habilitadas este ano teñen o dobre obxectivo de responder axeitadamente á crise motivada pola covid-19, apoiando os sectores turísticos máis castigados pola pandemia, inxectar liquidez no sistema e impulsar a renovación do sector turístico galego cun incremento substancial do orzamento para mellorar a calidade dos servizos turísticos.

Así, de acordo con este informe do Consello da Xunta, unha das 4 novas liñas previstas para este mes vai dirixida ás axencias de viaxes galegas, que poderán beneficiarse da convocatoria dunha achega pública de ata 350.000 euros para o mantemento dos establecementos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, convocaranse subvencións para investimentos en equipamentos postcovid dos establecementos hostaleiros por importe de 6 millóns de euros, que poderán destinarse a financiar investimentos en instalacións domóticas, sistemas automatizados, rotulación, infraestruturas vinculada á influencia da covid ou sistemas de desinfección, entre outros.

Por outra parte, a Xunta destinará outros 6 millóns de euros a promover a dixitalización e a mercadotecnia dixital entre os establecementos hostaleiros a través de aplicacións informáticas, captación e fidelización de clientes, desenvolvementos web, hardware ou equipamentos tecnolóxicos.

Por último, dentro do paquete de axudas con informe do Consello, atópanse as destinadas aos concellos de menos de 10.000 habitantes cun importe total de 3,5 millóns de euros para que estes municipios poidan mellorar a súa oferta turística con actuacións de embelecemento dos seus recursos, a aposta en valor turístico de enclaves, a sinalización ou a mellora da accesibilidade.

En canto ás outras medidas de apoio postas en marcha pola Xunta de apoio ao sector turístico e aos concellos a través de Turismo de Galicia ao longo deste ano, inclúense 750.000 euros a entidades locais e outros 750.000 a entidades locais para a mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago; 3,5 millóns de euros destinados á mellora das infraestruturas turísticas dos establecementos de aloxamento e restauración; uns 200.000 euros en subvencións a entidades organizadoras de congresos, seminarios, convencións, incentivos ou eventos do turismo de reunións; 150.000 euros de axudas ás asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e outras entidades sen ánimo de lucro que promocionen o Camiño; 260.000 euros para que entidades locais e empresarios turísticos poidan manter ou obter a Q de calidade; 3,6 millóns de euros a tres liñas de axudas dirixidas a axencias de viaxes; así como 225.000 euros á contratación de persoal nas oficinas de turismo en municipios turísticos e xeodestinos.

Ademais, neste ano leváronse a cabo medidas de incentivo do consumo interno como a tarxeta bono turístico *#Quedamos en Galicia* supuxo un investimento de 3,5 millóns de euros para inxectar 7,5 millóns ao sector, así como unha liña de axudas de 2,5 millóns de euros para fomentar a comercialización e a dixitalización en hoteis e restaurantes de máis de 25 traballadores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 15,5M € PARA ACOMPAÑAR MÁIS DE 1000 EMPRESAS GALEGAS NO SEU PROCESO EXPORTADOR E IMPULSAR ACCIÓNS DE PROMOCIÓN

- Este é un dos eixes principais da nova Estratexia de internacionalización 2021-2025
- Dentro destas medidas, o Goberno galego abre a liña destinada ao fomento das exportacións ás grandes empresas na procura de que actúen como tractoras das pemes galegas na súa expansión internacional
- Este programa, igual que as axudas dirixidas directamente a pequenas e medianas empresas, adáptase ao actual contexto provocado pola covid-19, facilitando a súa asistencia a eventos de promoción tanto en formato presencial como noutros alternativos, como o dixital, con especial relevancia nesta convocatoria

No marco da nova Estratexia de internacionalización de Galicia 2021-2025, a Xunta está a destinar actualmente un total de 15,5M € para acompañar máis de 1000 empresas no seu proceso exportador, así como para impulsar accións de promoción, dando resposta a un dos principais eixes desta folla de ruta.

Deste xeito, no marco da liña destinada ao fomento das exportacións galegas, que conta con 2,3 millóns de euros para accións de internacionalización do tecido produtivo da Comunidade, espérase chegar a 630 compañías en total.

O programa, que desenvolve a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Igape e en colaboración coas cámaras de comercio galegas, suma, para o período 2021-2022, preto de 200 accións de internacionalización do tecido produtivo en 20 países.

Entre os mercados prioritarios de acción comercial sitúanse China, India, Israel, Xapón, Portugal, Marrocos, Brasil, Emiratos Árabes, Estados Unidos ou Canadá, así como outros países para os cales se xustifique a idoneidade do mercado para as empresas galegas. A Xunta apoia o 90% da misión comercial -con 80% de cofinanciamento Feder- no caso das pemes e prevé ata un 70% nas axudas ás empresas tractoras.

De cara a fomentar a súa participación nas accións de promoción e favorecer a súa imaxe nos mercados exteriores, destínanse en total 2 millóns a pequenas e medianas empresas, contía que se complementa con 300.000 euros para integrar grandes compañías outorgando así unha maior dimensión ao programa. Espérase, por tanto, a captación de empresas de maior tamaño na procura de que actúen como tractoras das pequenas e medianas firmas galegas na súa expansión internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre destacar que este programa para grandes empresas -igual que ocorre no dirixido directamente a pemes- se adapta ao actual contexto do comercio a nivel mundial provocado pola pandemia da covid-19, ás súas consecuencias económicas e ás medidas de protección. Así, permítese que as empresas poidan participar nas accións de internacionalización en misións comerciais directas, feiras internacionais e en eventos promocionais durante 2021 e 2022, tanto en formato presencial como noutros alternativos, como o dixital.

Así, entre outras accións, facilítase o acceso das compañías a servizos de interpretación dixital para eventos realizados en liña ou a adquisición de cotas de participación en eventos expositivos virtuais.

Ademais deste programa, a Xunta ten en marcha Galicia Exporta, unha iniciativa con que se pretende facilitar a internacionalización da empresa galega non exportadora ou con escasa internacionalización e apoiar empresas xa internacionalizadas para que amplíen a súa presenza nos mercados. Nesta convocatoria, esta liña está permitindo achegar 7,2M € de orzamento a 244 empresas e 22 organismos intermedios. Con Galicia Exporta Dixital espérase impulsar as vendas no exterior de ao redor de 180 empresas a través de ferramentas dixitais innovadoras e un investimento de 6M €.

Por outra banda, a Xunta buscará impulsar plans sectoriais nas industrias vitivinícola e contract que facilitarán tanto a internacionalización das súas empresas como a cooperación entre os diferentes axentes.

Con esta estratexia, a Xunta de Galicia aspira a manter e reforzar a súa colaboración co tecido produtivo galego, mellorando a súa competitividade a través da internacionalización e da dixitalización. Un esforzo compartido que xa se vén levando a cabo e que ten permitido –segundo as últimas cifras de exportacións publicadas, relativas ao primeiro semestre deste ano–, acadar un crecemento do 31% con respecto ao mesmo período do ano pasado e mesmo mellorar os datos anteriores á pandemia, sumando preto dun 8% máis que nos primeiros seis meses de 2019.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROXECTO NORTEAR CUMPRE SEIS ANOS CON MÁIS DE MEDIO CENTO DE ACTIVIDADES PROGRAMADAS DE DINAMIZACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL NA EURORREXIÓN

- O Consello da Xunta informou hoxe do balance deste proxecto impulsado polas administracións de Galicia e Portugal para facilitar a cooperación cultural
- Desde a súa posta en marcha conseguiu financiamento europeo e consolidouse como unha útil ferramenta de cooperación de artistas, creadores e cidadanía en xeral

O Consello da Xunta informou hoxe do balance de actividades do programa Nortear de cooperación cultural entre a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal que, nos seis anos que leva en marcha, programou máis de medio cento de actividades de promoción e difusión da cultura en cada un dos territorios, acadou financiamento europeo e premios internacionais constatando así que se trata dunha ferramenta esencial para facilitar a cooperación de artistas, creadores, cidadanía, comunidades e entidades culturais de Galicia e Portugal.

En concreto, durante este tempo programáronse iniciativas como o premio literario Nortear, que promove a creación, circulación e distribución de obras literarias alén das fronteiras; foros como Conversas Nortear, que facilitan o coñecemento de diferentes expresións culturais existentes nas dúas rexións; exposicións conxuntas, encontros de ilustradores e intercambio de fondos bibliográficos. Deste xeito, programáronse 53 accións na Eurorrexión, publicáronse e difundíronse seis libros cun total de 3000 exemplares no marco do premio literario.

Así mesmo, dotáronse de 1.500 libros a diferentes bibliotecas no marco da colaboración que fixa que anualmente se faga como mínimo un intercambio de libros destinados a nutrir a sección de lingua portuguesa na Biblioteca de Galicia e de lingua galega na Biblioteca da Dirección Regional de Cultura do Norte de Portugal. Ademais, 24 escritores e escritoras difundiron a súa obra en 13 localidades de Galicia e Portugal e déronse a coñecer sete novos escritores e escritoras, para algún deles foi a súa primeira obra publicada, que lle abriu camiño para outras.

Roteiros de autores clásicos

Tamén se realizaron actividades de difusión cultural a través de mostrar e exposicións. Neste sentido, itineraron 10 delas en 15 localidades galegas e portuguesas que permitiron coñecer a cultura propia e a compartida: Porto, Santiago, Vila Real, Ourense, Miranda do Douro, Braga, Guimarães, Pontevedra... Tamén se crearon oito roteiros virtuais coa obra e a vida de oito autores clásicos galegos como Rosalía de Castro, Emilia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pardo Bazán, Castelao, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Valle-Inclán, Risco e Otero Pedrayo, que se poden seguir para coñecerlos, e tamén para coñecer sobre o terreo as súas pegadas en diferentes concellos galegos: A Coruña, Santiago, Ourense, Padrón, Ames, Rianxo, Pontevedra, Ourense, Celanova, Amoeiro, Ponteceso, Vilanova e A Pobra do Caramiñal, entre outros.

Ademais, este proxecto foi premiado en 2019 pola Asociación Europea de Rexións Fronteirizas cun dos máis prestixiosos galardóns no ámbito da promoción da cooperación transfronteiriza en Europa. Foi considerada a mellor iniciativa entre as 21 que concorreron, procedentes de diferentes rexións europeas.

Novas iniciativas

Nortear creouse como unha iniciativa de colaboración, tamén financeira, entre as distintas entidades galegas e portuguesas que asinaron un memorando de entendemento no 2015. Desde 2016 foi incluída no ámbito do programa europeo INTERREG V España-Portugal (POCTEP) sendo aprobado o financiamento de fondos Feder. O prazo de execución remata en decembro deste ano pero prevense prórrogas na súa execución derivadas das dificultades creadas pola crise sanitaria.

Os resultados destes seis anos constatan que a cooperación cultural transfronteiriza ten contribuído a un mellor e máis eficaz cumprimento dos fins que lle son propios nos ámbitos da conservación, investigación e difusión da cultura galega e portuguesa, centrándose na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O futuro de Nortear está no deseño de novas iniciativas que consigan acadar e ampliar os seus obxectivos de servir de ponte de colaboración e coñecemento da cultura da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, que xa se están estudando para a súa posta en marcha no 2022. Así mesmo, trabállase para conseguir de novo o cofinanciamento europeo a través da nova convocatoria do programa Cultura dun Nortear III.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A UNIDADE DE REFERENCIA COVID-19 DO ISSGA ATENDEU ATA XUÑO DESTA ANO 900 CONSULTAS DE EMPRESAS, AUTÓNOMOS, ASOCIACIÓNS E ORGANIZACIÓNS SINDICAIS

- A unidade foi activada pola Consellería de Emprego e Igualdade a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) no inicio da pandemia
- Entre marzo de 2020 e xuño de 2021 formou 1.000 profesionais na prevención no contexto da covid e emitiu 77 documentos para a seguridade nos centros de traballo
- O labor da unidade, que segue activa, vai dirixido aos interlocutores sociais, servizos de prevención de riscos laborais, asociacións profesionais, empresas, autónomos e administracións públicas
- A posta en marcha da unidade covid-19 sitúa Galicia á vangarda das exigencias europeas no marco da estratexia de seguridade e saúde no traballo 2021-2027 que demanda dos poderes públicos preparar respostas a pandemias actuais e futuras

A Xunta activou no inicio da pandemia a Unidade de referencia covid-19 a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga). Este órgano, que centraliza o asesoramento técnico e dá apoio en materia de prevención de riscos laborais vencellados coa covid-19, atendeu desde que iniciou a súa actividade en marzo de 2020 e ata o pasado mes de xuño 900 consultas e elaborou 77 documentos para garantir a seguridade nos centros de traballo.

Neste ano e medio ofreceuse formación a máis de mil persoas sobre cultura preventiva no actual contexto, focalizada nas pequenas e medianas empresas ou no impacto da pandemia na saúde laboral.

O obxectivo da Unidade consiste en asesorar tecnicamente e dar apoio en materia de prevención de riscos laborais como consecuencia da pandemia. E así se fixo nas 900 consultas e que se deu resposta principalmente focalizadas a coñecer as medidas preventivas no lugar de traballo, as restricións e ocupacións máximas e a utilización de equipamentos de protección. Estas respostas chegaron a máis de 200 empresas, micropemes e traballadores autónomos e a cerca de 100 clústeres, asociacións e organizacións sindicais. Destaca a especial proactividade ante a unidade covid do sector da construción, a hostalaría e a administración á hora de demandar asesoramento.

Para a posta en marcha da unidade, a Xunta investiu de partida 30.000 euros. Está integrada por técnicos do issga das áreas de hixiene industrial, medicina do traballo e ergonomía e psicoloxía aplicada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta elaborou por medio do órgano de referencia unha guía xenérica de seguridade e saúde laboral nas actividades consideradas esenciais como as tendas de alimentación, supermercados, gasolineras, servizos de axuda no fogar e empregadas do fogar, atención a chamadas telefónicas, tinturarias e farmacias. Co reinicio das actividades económicas, a elaboración de documentación técnica estendeuse a outros sectores co obxecto de evitar os contaxios e así garantir tamén a súa continuidade.

Realizáronse documentos específicos para, entre outros, a industria extractiva, áreas e lousa; industria da automoción e do naval; industria manufactureira; sector da construción e sector forestal; salóns de peiteado; comercio, mercados de venda non sedentaria e recintos feriais; centros especiais de emprego; oficinas de emprego; marisqueo a pé e desde embarcación, redeiras e extracción de recursos específicos; sector do taxi e transporte compartido; obras de rehabilitación, reformas e reparacións en edificacións; servizos e producións de eventos e espectáculos e gravacións de contidos audiovisuais; xuntas de comunidades de propietarios; cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas ou civís e canto coral; e atraccións de feira.

A Unidade avalía tamén a modalidade de teletraballo, proporcionando información e formación sobre os riscos de seguridade e de saúde laboral e sobre as medidas preventivas específicas que implantar; establecer *feedback* cos traballadores para reforzar o apoio emocional e o contacto interpersoal e así evitar o illamento; e a necesidade de adaptar a metodoloxía de avaliación de riscos laborais a unha actividade que se desenvolve no domicilio.

A posta en marcha de iniciativa sitúa a comunidade como punta de lanza na prevención de riscos e asesoramento en materia de saúde no traballo, en consonancia coas exigencias europeas. De feito ten camiño avanzado para cumprir cunha das prioridades estratéxicas do marco estratéxico da UE de seguridade e saúde no traballo 2021-2027 que consiste en incrementar a preparación para responder ás crises sanitarias actuais e futuras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A LOITA BIOLÓXICA DA XUNTA CONTRA A AVESPIÑA DO CASTIÑEIRO LOGROU DUPLICAR EN 2020 O NÚMERO DE PARASITOS *TORYMUS SINENSIS* RECUPERADOS NOS SOUTOS GALEGOS NOS CATRO ANOS ANTERIORES

- Unha vez analizados todos os puntos onde se colleron mostras de bugallas tras as soltas do ano pasado, recuperáronse 3.158 exemplares do parasitoide, o que supón máis do dobre do recuperado en todas as campañas anteriores de 2016 a 2019 (1.393 exemplares)
- Así mesmo, o *Torymus* detectouse en preto dun 93 % das cuadrículas en que se divide o territorio galego para a execución dos traballos de loita contra a avespiña do castiñeiro
- Tendo en conta estas cifras do asentamento do parasito, constátase que a Xunta comeza a gañar a batalla contra a avespiña a través da loita biolóxica, mantendo as súas poboacións por debaixo do limiar de danos nas plantas de castiñeiros para Galicia
- Neste 2021 o Goberno galego inviste máis de 2,2 millóns de euros en soltar preto de 1,6 millóns de individuos, case un 3% máis que o orzamento do 2020
- A produción de castaña na nosa comunidade estímase en 20 millóns de quilos, o que supón preto duns 50 millóns de euros unha vez comercializado o produto, unhas cifras que dan conta da importancia deste sector nas rendas dos galegos

A Xunta constata o asentamento nos soutos galegos do parasito *Torymus sinensis*, empregado dende o 2015 para o control biolóxico da praga da avespiña do castiñeiro. Así, unha vez analizados todos os puntos onde se colleron mostras de bugallas tras as soltas do ano 2020 recuperáronse 3.158 exemplares do parasitoide, o que supón máis do dobre do recuperado en todas as campañas anteriores de 2016 a 2019 (1.393 exemplares). Así o avaliou hoxe o Goberno galego na súa xuntanza semanal mediante un informe da Consellería do Medio Rural sobre as accións de loita contra esta enfermidade do castiñeiro.

Estes datos constatan un crecemento exponencial da presenza do parasito nos soutos de Galicia. En concreto, detectouse a presenza do *Torymus* en 131 cuadrículas das 141 en que se divide a nosa comunidade para a execución dos traballos de loita contra a avespiña do castiñeiro, o que supón preto dun 93 % desas cuadrículas. Tendo en conta as cifras do asentamento do parasito, confírmase que a Xunta comeza a gañar a batalla a través desta loita biolóxica, mantendo as poboacións de avespiña por debaixo do limiar de danos nas plantas de castiñeiros para Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No que respecta ao plan de control deste ano 2021, a Consellería do Medio Rural soltou na pasada primavera -en 7.394 puntos da xeografía galega- un total de 7.619 caixas con 210 individuos de *Torymus sinensis*, o que supuxo 1.599.990 individuos liberados. Estas soltas realízanse en masas continuas de castiñeiro e concéntrase o número de individuos con respecto a anos anteriores, co fin de establecer poboacións estables que despois colonizarán o resto das masas. Canto ao investimento, o orzamento deste ano supera os 2,2 millóns de euros, o que supón un incremento próximo ao 3% con respecto ao orzamento do pasado exercicio.

Na actualidade estase a proceder coa planificación e comezo da recolla de bugallas xa secas para comprobar o grao de parasitación obtido tanto coas soltas realizadas este ano como pola propia dinámica poboacional dos parasitoides xa asentados no territorio. Este último proceso consiste en seleccionar 1.200 puntos onde se realizaron as ditas liberacións do parasitoide para recoller un mínimo de 10 bugallas en cada un, polo que, en total, analizaranse 12.000 bugallas. A principal finalidade da mostraxe é coñecer a presenza e as taxas de parasitismo das soltas realizadas durante estes últimos anos, pero tamén recoller outro tipo de información valiosa para a loita contra a avespiña do castiñeiro, doenza que impide a frutificación.

A selección destes puntos permite a planificación máis precisa dos traballos de soltas e o coñecemento da dinámica das poboacións do parasito para programar con maior eficacia as soltas de 2022.

Sete anos de loita biolóxica

Desde o ano 2015 en que se comezou con este sistema natural, a Xunta liberou uns 5,7 millóns de individuos de *Torymus sinensis* por todo o territorio galego, o que supuxo un investimento da Xunta superior aos oito millóns de euros. Arestora trátase do único método existente para loitar contra este organismo e, de feito, o resultado deste tipo de soltas amosa a efectividade desta medida, que está sendo un referente noutras comunidades autónomas e mesmo noutros países.

Cómpre sinalar que o Goberno galego colabora con diversas cooperativas agrarias e asociacións para realizar as soltas de xeito totalmente coordinado co sector en masas do seu interese, co fin de recuperar o seu valor potencial. Tamén se leva a cabo a realización de mangas, para o establecemento do *Torymus* nas zonas de gran valor produtivo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, cabe lembrar que a produción de castaña en Galicia, sobre todo en zonas de alta montaña, estímase en 20 millóns de quilos, o que supón preto duns 50 millóns de euros unha vez comercializado o produto. De aí a importancia de seguir apostando por un método capaz de frear o avance e diminuír os danos que ocasiona a praga da avespiña nos castiñeiros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA 74 PROXECTOS DE MELLORAS EN BUQUES PESQUEIROS PARA IMPULSAR UNHA PESCA SUSTENTABLE

- O Executivo galego destina 900.000 euros en achegas, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, a distintas actuacións para optimizar o labor das embarcacións pesqueiras con porto base na comunidade que mobilizarán case dous millóns de euros de investimento
- As melloras afectan un total de 71 pesqueiros e a maioría teñen como obxectivo mellorar a hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo a bordo, o que contribuirá a facilitar a actividade dos profesionais embarcados
- As accións aprobadas tamén inclúen 155.000 euros de apoio para limitar o impacto no medio mariño mediante medidas como a adquisición de equipamentos informáticos que permitan aumentar a selectividade da pesca e a reducir os descartes
- Desde 2016 apoiáronse 238 proxectos deste tipo por un importe global de 3,4 millóns de euros e a convocatoria deste ano é a que rexistrou o maior número de solicitudes aceptadas e o importe concedido máis alto

A Consellería do Mar aprobou na convocatoria deste ano 74 solicitudes de axudas de propietarios de buques pesqueiros galegos para realizar melloras que fomenten unha pesca sustentable que derivarán nun investimento total de preto de dous millóns de euros na frota da comunidade. Estas actuacións, ás cales o Executivo galego destina 900.000 euros de axuda cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), permitirán introducir melloras que limitan o impacto da pesca no medio mariño, inciden na hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo a bordo, optimizan a eficiencia enerxética e mitigan o cambio climático, implican a substitución de motores e incrementan o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización das capturas non desexadas.

A resolución destas axudas, destinadas aos propietarios de buques pesqueiros con porto base en Galicia, foi analizada hoxe polo Consello da Xunta a través dun informe que mostra que 51 deses proxectos teñen como obxectivo o desenvolvemento de actuacións para mellorar a hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo a bordo por un importe de achega de máis de 636.000 euros. Estas accións contribuirán a facilitar o labor das tripulacións dos buques beneficiados.

Os apoios aprobados tamén inclúen proxectos para limitar o impacto da pesca no medio mariño por importe de preto de 155.000 euros mediante accións como a adquisición de equipamentos informáticos que contribuirán a aumentar a selectividade dos buques e a reducir os descartes e as capturas non desexadas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra das liñas de actuacións subvencionables é a daquelas que permitan incrementar o valor engadido, a calidade dos produtos e a utilización das capturas non desexadas. Os proxectos centrados neste obxectivo suman unha axuda global de preto de 50.000 euros e inclúen accións de mellora dos equipamentos de refrixeración a bordo, así como dos distintos sistemas de almacenaxe das capturas.

Os proxectos para a mellora da eficiencia enerxética e a mitigación do cambio climático suman preto de 28.000 euros de axuda mediante a instalación de hélices máis eficientes ou outros elementos de pesca máis avanzados que contribúen a optimizar a eficiencia enerxética. A estas medidas engádense as substitucións de motores, das cales nesta convocatoria se aprobaron catro proxectos por importe de arredor de 7.500 euros.

As melloras previstas benefician un total de 71 pesqueiros -algúns deles con máis dun proxecto- pertencentes a practicamente todos os segmentos de frota. Entre eles hai unidades tanto do caladoiro nacional como de pesqueiras comunitarias e internacionais e que faenan con distintas modalidades de pesca como artes menores, cerco, palangre de fondo e de superficie, arrastre de fondo e volantas.

A convocatoria destas axudas ao abeiro do FEMP permitiu aprobar desde 2016 un total de 238 proxectos -incluídos os de 2021- por un importe global de axuda de máis de 3,4 millóns de euros. Trátase duns apoios que cada ano son máis demandados polo sector pesqueiro galego, o que levou a que este ano sexa o que rexistrou o maior número de solicitudes aprobadas e tamén o maior importe concedido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal